



## CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DUN ENCARGADO DE POR EN FUNCIONAMENTO AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

### OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é realizar a selección de un encargado de por en marcha as escolas deportivas municipais. A duración do contrato será de 12 meses.

### CONDICIÓN DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes requirindo tomar parte no correspondente proceso de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza á que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello e presentaránse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ata o 17 de xullo de 2020 ás 13:00 horas.





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

As bases publicaránse na sede electrónica deste Concello <https://concellopol.sedelectronica.gal>, e no seu taboleiro de anuncios.

## COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

A composición do Tribunal calificador é a seguinte:

- **Presidente:**

Titular: Manuel Castiñeira Castiñeira, Xefe do Servizo de Cooperación e asistencia aos concellos da Deputación de Lugo

Suplente: Juan Hernando Rosa Ruiz, Secretario-Interventor do Concello de A Pontenova

- **Vogais:**

Titular: Manuel Martínez González, monitor encargado de deportes do Concello de Guitiriz.

Suplente: Alexandre González Gómez, Técnico de Deportes do Concello de Vilalba

Titular: Verísima Labrada Lanza, auxiliar administrativa do Concello de Pol.

Suplente: Inés Fernández Díaz, auxiliar administrativa do Concello de Pol.

Titular: Lucía Irimia Fernández, administrativa do Concello de Pol.

Suplente: María Luisa Armesto Domínguez, Traballadora Social do Concello de Pol.

- **Secretario:** Froilán Pallín Seco, Secretario-Interventor do Concello de Pol, ou quen legalmente o substitúa.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## RELACIÓN DE APROBADOS

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exercer do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.





## FUNCIÓNS DO POSTO CONVOCADO

- Formular unha proposta organizativa.
- Coordinar as escolas deportivas e as diferentes actividades físico-deportivas.
- Supervisar e coordinar a labor dos diferentes monitores colaboradores.
- Elaborar un plan de fomento da práctica da actividade deportiva saudable para infantís, xuvenís, adultos e maiores.
- Coordinar as relacións cos diferentes clubs, asociación, centros educativos da comarca, anpas, federacións deportivas,...
- Propor un regulamento de funcionamento interno das Escolas Deportivas Municipais
- Propor un calendario de funcionamento.
- Propor a organización de actividades, competicións, encontros, torneos,...
- Redactar informes e memorias, tanto de carácter interno como para formular solicitudes ou subvencións para as diferentes actividades.
- Propor un calendario global.
- Formular un calendario de melloras de instalación e/ou novos equipamentos.
- Elaborar un orzamento da área de deportes e actividade deportiva saudable.
- Elaborar un plan integral de fomento da práctica deportiva.
- Elaborar unha programación anual de eventos e competicións deportivas, de campañas e de programas de información e participación cidadá no ámbito deportivo.
- Elaboración anual da memoria das actividades desenvolvidas.
- Supervisión da conservación e mantemento das instalacións deportivas municipais.
- Representar as escolas deportivas municipais, sempre que así sexa requerido pola alcaldía.

## REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para participar no proceso selectivo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os candidatos deberán acreditar experiencia previa como monitor, adestrador e/ou traballo en equipo base.

Asimesmo deberán acreditar antes da sinatura do correspondente contrato o cumprimento dos requisitos establecidos para o acceso á condición de empregado público municipal.

## PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo constará de dúas fases.





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

A primeira consistirá na presentación de unha memoria na que aparezan recollidas cando menos os seguintes aspectos relacionados coa organización das escolas deportivas municipais:

- Obxectivos
- Destinatarios
- Instalacións
- Relacións cos clubs, asociacións de todo tipo e institucións
- Propostas organizativas

Será valorada de 0 a 10 puntos, requeríndose a obtención de 5 puntos para poder pasar á seguinte fase.

A segunda será unha entrevista do Tribunal, que terá por obxectivo o seguinte:

- Defender o contido da memoria presentada
- Acreditar o coñecemento da realidade deportiva e asociativa do Concello de Pol e a súa contorna
- Verificar a adecuación ao posto convocado co currículo dos candidatos que se presenten

Será valorada tamén de 0 a 10 puntos. Será requisito obter un mínimo de 5 puntos para superar a mesma.

## IMPUGNACIÓN

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

